

TITORÍA 3º C 2024-2025

- Titora: **Begoña Rodríguez Otero** – Inglés
- Hora de atención a nais e pais: **Mércores 10:40 – 11:30**
- Xustificación das faltas

* É obrigación legal do alumnado e das súas familias asistir regularmente a clase. Á entrada será puntual. Con 5 faltas de puntualidade haberá unha notificación á familia, con 10 poderanse programar traballos de carácter comunitario no centro e con 15 poderán ser derivados á aula de convivencia.

* Xustificación escrita por nais / pais segundo modelo oficial do centro (número máximo por mes sen xustificantes externos como citas médicas, xustificantes médicos ou de trámites burocráticos)

- Entrega o alumno/-a á titora.
- Abalar móbil
- Correo persoal: begonarou@edu.xunta.gal

- Solicitude de cita titorial

- Comunicación verbal a través do alumno/-a
- Petición a través de Abalar Mobil
- Correo persoal: begonarou@edu.xunta.gal
- Vía telefónica ao centro (recado en conserxería) 986 29 28 12

- NORMAS DE FUNCIONAMENTO BÁSICAS DO CENTRO

1.- Entrada a primeira hora da mañá e da tarde do luns, pola entrada principal. Saída a última hora da mañá e da tarde do luns, pola entrada principal e pola porta de atrás.

2.- En xeral, o alumnado non pode abandonar o centro nas horas de docencia.

2.1.- O alumnado que teña que saír, deberá ser recollido pola familia.

2.2.- O alumnado validado nunha materia poderá pedir a chave da biblioteca en conserxería anotándose nun rexistro de control e pasar a sesión nela.

2.3.- En todos os casos, o alumnado que entre máis alá de primeira hora ou saia antes da última deberá asinar nun rexistro en Conserxería.

3.- O alumnado que non ten clase na súa aula de referencia a 2ª e 4ª hora non pode volver a ela cando toque o timbre do recreo nin para deixar nin para coller cousas. Deberá prevelo na sesión anterior e coller o bocata, cartos, ou o que necesite con antelación.

4.- Nos recreos “sen choiva” o alumnado de 3ºESO NON PODE QUEDAR NA AULA. Haberá que saír ao patio, cafetería ou biblioteca. As aulas deberán quedar pechadas con chave (lembrar ao profesorado se se esquecese [aclaración]).

5.- Non recreos “con choiva” o profesorado que teña clase a 2ª e 4ª hora deberá quedar na aula (incluídos desdobres, optativas, aulas específicas, ximnasia, etc. O alumnado non irá a outra aula). Excepción: profesorado con garda de recreo, que deberá priorizar a garda nos corredores, etc.

No segundo recreo o alumnado de 3º, 4º e 1ºBac ten que saír da aula e irá á cafetería, biblioteca ou patio cuberto. O/A docente pechará a aula con chave.

6.- O alumnado non pode saír da aula entre clases e o que se atope nesa situación será amoestado.

7.- Cada día a última hora da mañá e da tarde do luns, o alumnado subirá a cadeira.

8.- O uso do móbil en particular e de dispositivos electrónicos en xeral está prohibido. O profesorado requisará o aparello, chamarase á familia para informar de que poden pasar a recollelo (só pais) e subirase a falta de conduta ao XADE. Ollo aos días previos ás fins de semana e pontes!

9.- O alumnado expulsado da aula ten que ir obrigatoriamente á Aula de Convivencia e o acompañará a persoa delegada. Ademais, levará a folla de rexistro da falta cuberta polo/a profesor/a e tarefas para facer nesa sesión. O alumnado non pode estar expulsado no corredor ou en calquera outro espazo sen vixilancia. [aclaración]

10.- En xeral, o cambio de optativas, modalidade ou itinerario non se contempla. Para casos excepcionais en 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Bac, o alumnado deberá entregar a folla de solicitude de cambio, dispoñible en conserxería, na Aula Virtual da titoría de 3ºC ou perdírla á titora.

11.- Levarase control da asistencia ao baño do alumnado durante as clases. Quedará recollida no caderno de rexistro da aula. O alumnado non pode ir ao baño nos cambios de clase e o profesorado tampouco pode autorizalo. O alumnado será amoestado por este feito.

Cando toque o timbre do recreo, o alumnado que queira ir ao baño usará o da súa planta antes de baixar (ou os do pavillón se tiveron clase nel). Durante o resto do recreo só se poderá usar os da planta baixa.

- Orientadora: Irene Labrador. Despacho: Primeiro andar, antes do salón de actos.

Horario de atención: durante os recreos ou pedindo cita a través da titora. [aclaración]

Ámbitos competenciais: orientación académica e laboral, organización académica, problemas de benestar no centro, problemas persoais e / ou sociais, atención psicolóxica, resolución de calquera tipo de dúbida, etc.

- Xefe de estudos: Gabriel Rodríguez. Despacho: corredor de dirección, primeira porta.

Horario de atención: durante os recreos segundo dispoñibilidade ou pedindo cita a través da titora. [aclaración]

Ámbitos competencias: problemas de convivencia, disciplina, organización do centro, etc.

- Calendario xeral do curso 2024/2025

* **1º trimestre**: - Semana sen saídas, actividades complementarias, etc. [realización de probas]: 4-8 novembro 2024

- Semanas (2) sen saídas, actividades complementarias, etc. [realización de probas]: 1-13 decembro 2024

- Semana sen probas reservada para saídas, actividades complementarias: 16-20 decembro 2024

Festivos: Xoves 31 outubro 2024 (día do ensino) e Venres 1 novembro 2024 (defuntos)

Venres 6 decembro 2024 (Constitución)

- * **2º trimestre:** - Semana sen saídas, actividades complementarias, etc. [realización de probas]: 10-14 febreiro 2025
- Semanas (2) sen saídas, actividades complementarias, etc. [realización de probas]: 10-21 marzo 2025
- Semana sen probas reservada para saídas, actividades complementarias: 24-27 marzo 2025

Festivos: Luns 3, Martes 4 e Mércores 5 marzo 2025 (Entroido)
Venres 28 marzo 2025 (Reconquista)

- * **3º trimestre:** - Semanas (2) sen saídas, actividades complementarias, etc. [realización de probas]: 2-13 xuño 2025
- Semana sen probas reservada para saídas, actividades complementarias: 16-20 xuño 2025

Festivos: Luns 14 a Luns 21 de abril 2025 (Pascua ou vacacións de primavera)
Xoves 1 maio 2025 (Día do traballo) e Venres 2 maio 2025 (Libre disposición do centro)

Datas de avaliación Curso 2024-2025

- Avaliación inicial: Martes 8 a Xoves 10 de outubro 2024
- 1ª avaliación: Martes 17 a Xoves 19 de decembro 2024
- 2ª avaliación: Martes 25 a Xoves 27 de marzo 2025
- 3ª avaliación: Luns 23 de xuño 2025

- Elección da persoa delegada e subdelegada. Farase entre setembro e outubro. É moi importante para o grupo escoller ben aos seus representantes. Todos e todas os compoñentes do grupo terán áreas de responsabilidade na organización da clase e servirán de apoio á persoa delegada e subdelegada.



Organización, planificación do estudo dende o 11 de setembro de 2024!

Claves do éxito: - Asistencia activa a clase de maneira continuada

- Atención plena na clase
- Organización do material
- Realización de tarefas marcadas, repaso diario de todas as materias
- Horario de estudo, preparación do lugar de estudo na casa
- Planificación de realización de traballos, repaso / preparación de probas con días de antelación
- Desconexión dispositivos móbiles
- Horas de sono de calidade
- Técnicas de relaxación e concentración
- Petición de axuda (compañeiros /-as de clase, [grupo de Telegram / WhatsApp de clase, titora, orientadora, profesores de referencia, etc.)

Clubs no IES Alexandre Bóveda curso 2024 / 2025

- Voluntariado EDLG (Rosa, LG)
- Voluntariado Biblioteca (Marisol, LC)
- Club de Lectura (Mer, Francés)
- Club de Manga (Ana Álvarez, Xeografía e Historia – Cristina López, Inglés)
- Club de Xogos de Mesa (Raúl, matemáticas)
- Comando Igualdade (Ana Álvarez, Xeografía e Historia)
- Club de Ciencias (Miguel, Matemáticas)
- Grupo de Música (Judith, Xeografía e Historia)